

AVISO/ NOTA DE INTERESE

Advertiuse que na web municipal unicamente constaban penduradas as bases aprobadas o 23 de xullo do 2018 na Xunta de Goberno Local e non as que conteñen a corrección de erros de data 31/07/2018.

Polo que, en base ó informe adxunto adoptouse a resolución da alcaldía que tamén se publica agora.

Monforte, 23 de agosto do 2018.

A Técnico de Administración Xeral

Asdo. Elisa Martínez Arias.





INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ASUNTO. Erro nas bases penduradas na páxina web municipal.

En base ó disposto no artigo 174.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 79 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, emítase o seguinte

INFORME

Antecedentes Administrativos.

1º.- Por acordo de XGL de data 23 de xullo 2018 se aprobaron as BASES QUE HAN DE REXER O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DE DOUS OFICIAIS PARA PARQUES E XARDINS, UN OFICIAL ELECTRICISTA E UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO, e que por resolución da alcaldía de data 31 de xullo do 2018 se procedeu a súa corrección de erros.

2º.- O 23/08/2018 advírtese por esta Técnico de Administración Xeral que na web municipal únicamente constan penduradas as bases probadas o 23 de agosto do 2018 na Xunta de Goberno Local e non as que conteñen a corrección de erros de data 31/07/2018.

3º.- Revisadas as solicitudes presentadas ata este momento existen varias que non acreditan o requisito para participar no proceso selectivo que se esixe nas bases con corrección de erros, concretamente:

“.- Ser desempleado ou estar en situación de mellora de emprego, sempre que a xornada de traballo do aspirante en situación de mellora de emprego sexa igual ou inferior o 50% da xornada.

Este requisito debe acreditarse aportando vida laboral actualizada a data de inicio de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da firma do contrato.”

Para a praza de auxiliar administrativos constan 3 solicitudes con esta situación (data 21/08/2018 RE 12963, data 22/08/2018 Re13022 e 22/08/2018 RE 13047)

Para as prazas de oficial de xardíns non constan solicitudes nesta situación.

E para a praza de oficial electricista tampouco.

4º.- Na web da Excelentísima deputación de Lugo constan penduradas as bases coa corrección de erros e no anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 18 de agosto do 2018 que determina o inicio do prazo de presentación de solicitudes faise referencia a aprobación das mesmas por acordo de XGL de data 23/07/2018 e a súa posterior corrección de erros por resolución da alcaldía de data 31/07/2018.

Lexislación aplicable.





- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Convenio Colectivo aprobado polo Concello.

Consideracións xurídicas

Primeira.- Advertido por esta Técnico de Administración Xeral que na web municipal unicamente constan penduradas as bases probadas o 23 de agosto do 2018 na Xunta de Goberno Local e non as que conteñen a corrección de erros de data 31/07/2018.

E dado que algúns dos aspirantes a participar nos procesos selectivos que xa presentaron as súas solicitudes non acreditan o requisito esixido nas bases logo da súa corrección de erros

Esta circunstancia obríganos a determinar q cal é a mellor opción para coordinar os principios de publicidade, transparencia e concorrència que han de rexer e informar un procedemento de selección de empregados públicos coma o que nos ocupa e os dereitos de aqueles aspirantes que xa presentaron a súa solicitude de participación.

Para o cal a mellor opción parecer ser a publicación na páxina web municipal das bases coa corrección de erros, e para tratar de garantir os dereitos daqueles aspirantes que xa presentaron a súa solicitude sen acreditar debidamente o requisito indispensable para ser admitido a participar no proceso selectivo(*Ser desempleado ou estar en situación de mellora de emprego, sempre que a xornada de traballo do aspirante en situación de mellora de emprego sexa igual ou inferior o 50% da xornada. Este requisito debe acreditarse aportando vida laboral actualizada a data de inicio de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da firma do contrato.*) notificar a estes o erro padecido ó pendurar as bases a páxina web municipal e requirilos para que acrediten o indicado requisito. Advertíndolles que de non poder acreditarlo por non atoparse en situación de desemprego ou estar en situación de mellora de emprego, sempre que a xornada de traballo do aspirante en situación de mellora de emprego sexa igual ou inferior o 50% da xornada, non poderán ser admitidos a participar no proceso selectivo polo que poden solicitar a devolución da taxa satisfeita como ingreso indebido.

Polo exposto procede propor a Alcaldía que por resolución da mesma se ordene corrixir o erro na publicación das bases na web municipal, pendurando agora a resolución de corrección de erros de data 31/07/2018 e se ordene tamén notificar a aqueles aspirantes que teñen presentado as súas solicitudes de participación sen acreditar debidamente o requisito indispensable para ser admitido a participar no proceso selectivo(*Ser desempleado ou estar en situación de mellora de emprego, sempre que a xornada de traballo do aspirante en situación de mellora de emprego sexa igual ou inferior o 50% da xornada. Este requisito debe acreditarse aportando vida laboral actualizada a data de inicio de presentación de*





solicitudes e manterse ata o momento da firma do contrato.) requiríndoos para que acrediten o indicado requisito. Advertíndolles que de non acreditalo, non poderán ser admitidos a participar no proceso selectivo polo que poden solicitar a devolución da taxa satisfeita como ingreso indebido.

Monforte , 23 de agosto de 2018.

A Técnico de Administración Xeral.

Asdo. Elisa Martínez Arias.





ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERRO NA PUBLICACIÓN NA PAXINA WEB MUNICIPAL DAS BASES DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Visto o informe da Técnico de Administración Xeral do servizo de Secretaria de data 23 de agosto do 2018.

RESOLVO

Primeiro.- Ordenar corrixir o erro na publicación das BASES QUE HAN DE REXER O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DE DOUS OFICIAIS PARA PARQUES E XARDÍNS , UN OFICIAL ELÉCTRICISTA E UN AXILIAR ADMINISTRATIVO na web municipal, pendurando agora a resolución de corrección de erros de data 31/07/2018.

Segundo.- Notificar a aqueles aspirantes que teñen presentado as súas solicitudes de participación sen acreditar debidamente o requisito indispensable para ser admitido a participar no proceso selectivo(Ser desempleado ou estar en situación de mellora de emprego, sempre que a xornada de traballo do aspirante en situación de mellora de emprego sexa igual ou inferior o 50% da xornada. Este requisito debe acreditarse aportando vida laboral actualizada a data de inicio de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da firma do contrato.) requiríndoos para que acrediten o indicado requisito. Advertíndolles que, de non acreditalo, non poderán ser admitidos a participar no proceso selectivo polo que poden solicitar a devolución da taxa satisfeita como ingreso indebido.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo a Excelentísima Deputación de Lugo por se considera necesario publicitalo na web do programa de fomento do emprego ou a outros efectos.

Cuarto.- Publicar esta resolución, o informe que a motiva e unha nota informativa na web municipal no marco do proceso selectivo que nos ocupa.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/08/2018
ELISA MARTINEZ ARIAS-Secretaria Accidental - 23/08/2018
serialNumber=S2833002E.CN=Sello de tiempo TS@ - @firma.OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/08/2018 13:06:46

DECRETO: 2018000872

Fecha: 23/08/2018

Hora: 13:06

Persona 76561868C

